



Título: *Observar, interpretar, expresar*
Autor: Álvaro de Sandoval Guerra
Editorial: Ediciones Sandoval, Santander, 1995
Núm. pp.: 60 + 53 láminas de ejercicios
Tamaño: 41,3 x 29 cm

Chega a nós unha obra na que se puxo un verdadeiro interese en adapta-los coñecementos sobre a área plástica no ámbito do Bacharelato ás programacións que actualmente se están publicando, pola entrada en vigor da LOXSE.

O seu título, *Observar, interpretar, expresar*, xa declara o posterior desenvolvemento deste libro-pograma, que contén toda unha teoría pedagóxica da educación plástica.

Nun parágrafo da presentación da obra, di o autor: "[...] Creouse, fundamentalmente, co fin de orientar, facilitar e organiza-los novos enfoques que demanda actualmente a sociedade educativa na área da Educación Plástica e Visual, para posibilitar un achegamento real e actualizado ó apaixonante mundo da imaxe e a comunicación visual, a través da análise e a reflexión".

A estrutura da obra é coma a doutras anteriores do mesmo autor e

editorial; incluso é semellante no formato, apaisado e case de medida A3.

Cada tema está desenvolvido en varias páxinas a toda cor, onde se expoñen os principios teóricos e os exemplos que os corroboran. Estes, unhas veces son representacións fotográficas de obras de arte, e outras, exercicios sucesivos que serven de soporte visual ó desenvolvemento do tema.

Os aspectos máis positivos desta obra, desde o punto de vista do ensino, son os seguintes:

- a) Presentación correcta e agradable dos temas, que anima a introducirse neles.
- b) Exposición breve e clara de cada parte dun tema, máis parecida a unha guía para o profesor que a un estudio do autor sobre a materia tratada.
- c) O tipo de exercicios propostos ó final de cada tema, que xerá un amplo abano de posibilidades pedagóxicas para

un profesor consciente.

O único que é negativo na obra é a ausencia de bibliografía, pois o ceñecemento desta facilitaría o labor docente.

A obra consta de trece capítulos semellantemente desenvolvidos, nos que se expoñen ideas xa aparecidas en monografías e ensaios, pero que aquí se ofrecen xuntas, creo que por primeira vez neste nivel do ensino. Pois tómanse dun lado e doutro textos e imaxes que aclaran conceptos ás veces difíciles de transmitir. Como ocorre no capítulo I, no que se trata da visión e da percepción, e se diferencia a realidade física e fisiolóxica da visión da realidade psicolóxica e cultural da percepción.

O capítulo II é o máis aburrido, pois nel descríbense e catalóganse os materiais de que se pode dispoñer, e un material só nos atrae cando se está empregando e manipulando.

No capítulo III estúdase a linguaxe visual, e faise cunha brevidade que non contradi o rigor e a claridade cos que tamén se trata o tema. Os exemplos incluídos son moi actuais, e as actividades propostas, moi interesantes.

O capítulo IV dedícase ó estudio da

textura e do signo, o que se fai amplamente. Aquí remata a parte dedicada á observación externa das formas.

Nos capítulos V e VI estúdiense as formas xeométricas básicas, coas súas posibilidades de aplicación, e fanse demostracións de que son o fundamental para o deseño, e base das formas máis complexas que nos ofrece o contorno, xa sexa natural ou artificial.

O tratado nestes capítulos ten aplicación práctica na materia de que se ocupan os capítulos VIII e X, que tratan de proporcións e escalas, e de transformacións e movementos, respectivamente.

Complétase a parte teórica e artística sobre o debuxo cos capítulos dedicados á luz e á cor, e á composición como linguaxe da forma, que son o VII e IX, respectivamente.

Nos tres derradeiros capítulos desenvólvese a que hoxe se lle chama "descrición obxectiva da forma" (debuxo lineal e técnico), e neles expóñense os sistemas técnicos de representación das formas tridimensionais.

En resumo, trátase dun texto digno de ter en conta tanto pola súa utilidade pedagóxica coma pola versatilidade da súa axuda, ó posibilitar diversas lecturas.